As empresas de restauración	Exposición da tipoloxía de empresas de restauración en Galicia e as súas características	- Realización dun esquema das principais empresas de restauración en Galicia e a súa normativa - Realización dun exercicio práctico consistente en varias preguntas das que deberán buscar resposta coa axuda de Internet	Actividades propostas realizadas e entregadas.	Aula virtual, apuntes, medios informáticos e acceso a internet.	PE.1 - Exame da unidade	3,0
As empresas e entidades que prestan o servizo de información turística	Presentación e explicación dos contidos da unidade.	Análises das funcións das diferentes empresas de información turística	Realización e entrega da actividade proposta	Aula virtual, apuntes, medios informáticos e acceso a internet.	PE.1 - Exame da unidade	4,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Outras empresas dentro da oferta complementaria	Presentación e explicación dos contidos da unidade.	Búsqueda e investigación de empresas relacionadas co contido traballado.	Actividade realizada e entregada.	Aula virtual, apuntes, ligazóns, vídeos, medios informáticos e acceso a internet.	PE.1 - Exame da unidade	1,0
TOTAL						10,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O núcleo turístico	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definición, caracterización e análise do núcleo turístico	1	O núcleo turístico	12,0
TOTAL			12



4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.7 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.	PE.1 - Exame da unidade	S	70
CA3.8 Valorouse a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.	PE.2 - Exame da unidade	N	30
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.
Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O núcleo turístico - Análise da evolución histórica do turismo no mundo e en España	Exposición das características e peculiaridades dos núcleos turísticos.	- Realización d'ha ficha de recursos turísticos a inventariar. - Traballo de análise dun núcleo turístico determinado - Visionado de vídeos de diferentes núcleos turísticos	- Ficha de inventario de recursos realizada e entregada - Traballo expositivo realizado e entregado	Aula virtual, apuntes, medios informáticos e acceso a internet.	- PE.1 - Exame da unidade - PE.2 - Exame da unidade	12,0
TOTAL						12,0



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A demanda turística: Características, análise e tendencias.	18

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Caracterización da demanda turística	1	. Caracterización e análise da demanda turística	18,0
1.2 Análise da demanda turística e das súas tendencias			
TOTAL			18

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.	• PE.1 - Exame da unidade	S	10
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.	• PE.2 - Exame da unidade	S	20
CA4.3 Descríbironse os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.	• PE.3 - Exame da unidade	S	15
CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.	• PE.4 - Exame da unidade	S	20
CA4.6 Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.	• PE.5 - Exame da unidade	S	15
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.	• LC.1 - Actividade de búsqueda e investigación	S	20



	TOTAL	100
--	--------------	------------

4.9.e) Contidos

Contidos
Demanda turística: definición e caracterización. Factores que interveñen na súa determinación. Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística Motivacións da demanda turística. Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización. Tendencias actuais da demanda turística.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
. Caracterización e análise da demanda turística - . Caracterización da demanda turística relacionandoa cos diferentes factores e elementos que a motivan así como as tendencias existentes na actualidade.	Exposición da unidade a través dos conceptos principais e posterior profundización nos mesmos.	- Entrega de actividades prácticas relacionadas coa demanda turística - Traballo de análise da demanda turística de varios países/ciudades ou rexións.	- Tarefas resoltas e entregadas - Traballo expositivo realizado e entregado	Aula virtual, apuntes, medios informáticos e acceso a internet.	- LC.1 - Actividade de búsqueda e investigación - PE.1 - Exame da unidade - PE.2 - Exame da unidade	18,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• PE.3 - Exame da unidade • PE.4 - Exame da unidade • PE.5 - Exame da unidade	
TOTAL						18,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos necesarios para acadar unha avaliación positiva serán os seguintes:

- Conceptos básicos do turismo: turismo, turista, visitante, excursionista, etc.
- Evolución do turismo.
- Principais eventos locais, autonómicos, estatais e internacionais en materia de turismo.
- Entidades públicas e privadas de ámbito local, autonómico, estatal e internacional relacionadas co sector turístico.
- Valoración da actividade turística no desenvolvemento dun núcleo de poboación.
- Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.
- Valoración da persoa profesional do turismo no ámbito da súa profesión.
- Modalidades do turismo.
- Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
- Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
- Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.
- Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.
- Factores que interveñen na demanda e incidencia que se pode exercer sobre eles.
- O mercado turístico e as súas características.
- Oferta turística: elementos e estruturas.



- Intermediación turística. Canles de distribución.
- Empresas de aloxamentos turísticos.
- Medios de transporte turísticos.
- Oferta complementaria. Empresas de restauración turística. Servizos diversos.
- Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.
- Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.
- A oferta turística en Galicia.
- Demanda turística: definición e caracterización.
- Factores que interveñen na súa determinación.
- Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística
- Clientela: tipoloxía, características e comportamentos de compra.
- Motivacións da demanda turística.
- Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización.
- Tendencias actuais da demanda turística.
- Valoración da importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación para a avaliación do alumnado realizaranse tendo en conta dous parámetros: probas teóricas e os traballos e actividades prácticas.

Probas teóricas:

Este apartado suporá un 60% da nota final de cada unha das avaliacións. A nota máxima neste apartado será de 6 puntos sobre 10.

Haberá como mínimo unha proba escrita por avaliación, pero no caso de considerarse oportuno poderanse programar varias.

O total da puntuación asignada a este apartado quedará repartida entre o número de exames ou probas propostas en cada avaliación trimestral.

Estas probas, poderán incluír preguntas curtas, preguntas tipo test e exercicios prácticos, relativas ao temario impartido.

Se algún alumno/a incorrese no desenvolvemento das probas en prácticas fraudulentas, dita proba seralle retirada e avaliarase con cero puntos.

Para acudir aos exames será obrigatorio presentarse co material necesario para a realización do mesmo.

Os teléfonos móbiles non serán admitidos como calculadoras, salvo que o profesor encargado do examen considere válido o seu uso.

O alumnado presentarse puntualmente ao exame, quedando fóra do exercicio aqueles alumnos/as que cheguen con máis de 10 minutos de retraso. O profesor decidirá se a causa que produce a demora é ou non xustificada.



O alumnado que non poida acudir ao exame na data establecida non terá dereito á repetición do mesmo, salvo causa de forza maior xustificada.
A nota final da avaliación será a media ponderada dos dous parámetros avaliados.

Traballos e actividades prácticas:

Este apartado suporá un 40% da nota final de cada unha das avaliacións. A nota máxima neste apartado será de 4 puntos sobre 10.

As actividades e traballos didácticos son de carácter obrigatorio, e non serán avaliados aqueles traballos e/ou actividades que non sexan entregados en data e forma.

Os traballos e actividades, deberán cumprir os requisitos estipulados polo profesor en cada un deles, valorándose que sexan orixinais e teñan un alto grao de profesionalidade nos seus contidos e na súa presentación.

Os traballos e actividades deben ser presentados no formato que indique o profesor.

Algúns deles, esixirán unha presentación oral e power point, prezi ou similar, e serán expostos oralmente para comprobar o grao de asimilación por parte do alumnado. Todo o grupo deberá estar presente nas exposicións de forma obrigatoria, salvo causa xustificada.

Poderán ser individuais ou en equipo.

No caso de traballos en equipo terase en conta ademais: Reparto racional do traballo, cumprimento das funcións e responsabilidades de cada membro do equipo, asimilación e/ou aproveitamento de todos os membros do equipo dos contidos do traballo, apartacións e aceptación de ideas, reunións e postas en común.

Se algún alumno/a incorrese no desenvolvemento das probas en prácticas fraudulentas, dita proba seralle retirada e avaliarase con cero puntos.

A nota final da avaliación será a media ponderada dos dous parámetros avaliados.

CÁLCULO DA NOTA FINAL DA 1º e da 2ª AVALIACIÓN:

Para o cálculo da nota final aplicarase o redondeo matemático ao número enteiro máis próximo: cando a cualificación presente 0,5 ou máis puntos redondearase cara arriba, e no caso contrario redondearase cara abaixo. "De non haber traballos-actividades prácticas, a nota farase sobre as probas teóricas (100%)

CÁLCULO DA NOTA DA 3ª AVALIACIÓN:

Para avaliar ao alumnado nesta 3ª avaliación, plantexanse 3 posibles escenarios:

- Alumnado que acuden á empresa e superan positivamente os CAs correspondentes coa UD1. Neste caso, aplicaranse a porcentaxes establecida do 25% que supón as horas de formación na empresa. Neste caso a nota final da avaliación será a media aritmética da 1ª e da 2ª avaliación ponderada ao 75% (100 hoas no centro educativo) e o 25% correspondente á unidade 1 (33 horas na empresa).

- Alumnado que acuden a empresa pero non poden adquirir os CAs correspondentes por diferentes motivos: Neste caso, facilitarase á empresa un cuadrante cunhas propostas de actividades para axudarles a que o alumnado acade os CAs correspondentes. Se a pesar disto, o alumnado non consegue acadalos, realizará actividades asociadas a cada un dos CAs a través da aula virtual ata o momento de finalización da súa formación na empresa (31 de Agosto).



Neste caso a nota final da avaliación será a media aritmética da 1ª e da 2ª avaliación ponderada ao 75% (100 hoas no centro educativo) e o 25% correspondente ás actividades entregadas valoradas sobre 10 puntos e posteriormente ponderadas ao 25% (33 horas na empresa).

- Alumnado que interrompe a súa formación na empresa e regresa ao centro: Neste caso, o alumnado realizará actividades asociadas a cada un dos CAs que tiña que ter adquirido na empresa a través de actividades específicas na aula virtual ou acudindo ao centro no horario estipulado sempre que sexa posible. (ata o 31 de Xullo)

A nota final da avaliación será a media ponderada da nota obtida na formación en empresa e da nota obtida no centro educativo, tendo en conta os seguintes criterios:

Parte A: Informe da empresa: suporá o 25% da nota da avaliación. Para o cálculo desta nota, teranse en conta o informe individualizado da empresa opo a entrega das actividades correspondentes aos CA non traballados na mesma, de ser o caso.

Parte B: Centro educativo: suporá o 75% da nota da avaliación, sendo a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación: Esta nota se calculará sempre que se haxan acadado os mínimos esixibles correspondentes. En caso de non estar superada algunha das avaliacións, o alumnado procederá a realizar a proba de recuperación especificada no apartado 6.

Importante: Independentemente da nota obtida na formación en empresa, para poder calcular a nota media da 3ª avaliación é preciso que o alumnado haxa acadado todos os CAs que sexan mínimos esixibles na 1ª e 2ª avaliación.

CALCULO DA NOTA FINAL MÓDULO

A nota final do módulo será:

- No caso de alumnado que teña todos os CAs mínimos esixibles acadados, a nota final será a mesma que a nota da 3ª avaliación.
- No caso de alumnado que teña algunha avaliación suspensa por non acadar os mínimos esixibles, a nota final será a obtida da media aritmética das 3 avaliacións (unha vez recuperada ou non a parte correspondente) e /ou a nota da proba de recuperación final de ser o caso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN:

O alumnado que non supere os mínimos esixibles nunha única avaliación poderá realizar unha proba de recuperación.

A recuperación consistirá nunha única proba sobre os contidos teórico-prácticos da avaliación non superada. Valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

Non se farán probas de recuperación para subir nota.

As probas escritas serán recuperadas cunha proba teórico-práctica (escrita ou oral) cando o considere a profesora.



As actividades e traballos didácticos son de carácter obrigatorio, o que supón que aqueles que non as entreguen poderán ser avaliados na proba de recuperación ou en calquer momento que considere a profesora.

AVALIACIÓN FINAL:

Todo o alumnado que non supere os mínimos exixibles do módulo terá dereito a realizar unha proba de avaliación con anterioridade á avaliación final. Neste senso, con anterioridade a esta avaliación final, facilitaráselle ao alumno un informe individualizado cos contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación correspondentes según o caso, para conseguir unha avaliación positiva no módulo

A avaliación final consistirá nunha única proba sobre todos os contidos teórico-prácticos do módulo (valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala)..

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- Por faltas repetidas de conducta , asistencia non xustificadas e/ou puntualidade e outros comportamentos recollidos na NOFC, poden derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas, tanto no centro educativo como na empresa.

Estes casos valoraranse individualmente polo equipo docente; deben existir evidencias e requieran informes e trámites de audiencia antes de poder tomar a decisión de excluír ao alumnado do procedemento formativo.

- O alumnado con faltas xustificadas (recollidas na NOFC), e que non asista en todo o trimestre, na avaliación quedará como PC (pendente de calificación).

Cando se reincorpore ten dereito a un periodo de recuperación das partes nas que non foi avaliado, antes da incorporación na empresa. Estas partes, avaliaranse nunha proba sobre os contidos teórico-prácticos non avaliados e valorarase ata 10 puntos..

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación levarase a cabo, por unha banda diariamente nunha ficha de control diaria de actividades que forma parte do caderno de aula da profesora, e por outra banda no aplicativo Xade Programacións, no cal se se producen desviacións con respecto ao previsto na programación, éstas serán sinaladas indicando os motivos que as causaron e as posibles melloras detectadas.

Ademais, levarase a cabo unha enquisa de satisfacción da labor docente, que serán feitas de xeito anónimo. Esta pode proporcionar información significativa acerca da percepción por parte dos alumnos da labor docente



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do ciclo, para coñecer as circunstancias e características persoais, sociais e culturais do alumno, así como as motivacións, intereses, etc.

Esta avaliación non formal, farase fundamentalmente a través de técnicas de presentación, cuestionarios iniciais, etc.

Para obter información sobre os coñecementos que se posúen sobre a materia desenvolveranse actividades nas Unidades Didácticas que polo seu contido de carácter mais xeral sexan susceptibles de coñecemento por parte dos alumnos.

Desa maneira poderase adaptar o contido da Unidade Didáctica ós coñecementos iniciais dos alumnos, aproveitando a colaboración dos mais avanzados.

Os métodos mais empregados serán a choiva de ideas a través de ferramentas dixitais ou directamente co alumnado, os debates e as exposicións en grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aquelas persoas con necesidades educativas especiais, serán suxeitas a un seguimento individualizado e adaptando materiais e espazos na medida do posible con medidas oportunas, artelladas en colaboración co resto dos profesores do ciclo formativo e en colaboración co departamento de orientación, tendo en conta as instalacións do centro así como os recursos existentes no mesmo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Sen perxuízo dos temas transversais xerais, pretendo dar especial importancia aos seguintes:

- Educación para o consumo: sensibilizar ao alumnado no consumo responsable e nos efectos individuais e sociais do consumo creando unha conciencia crítica, así como nos dereitos do consumidor
- Educación para o medio natural: sensibilizar ao alumnado nas boas prácticas no contexto do turismo (aforro enerxético, reciclaxe do material funxible) sustentabilidade, dándolles a coñecer os problemas ambientais consecuencia do NON respecto pola natureza
- Educación multicultural: espertar o interese por coñecer e respetar outras culturas diferentes ás propias e por desenvolver actitudes de respecto, valoración e colaboración con outras ideoloxías, costumes, relixións...
- Educación para a convivencia: potenciar o traballo en equipo para fomentar o compañerismo entre o alumnado do ciclo e doutros ciclos.
- Educación para a igualdade de xénero: a maior presenza de alumnado de xénero feminino no ciclo fai que este tipo de educación sexa moi importante no reparto non discriminatorio tanto das tarefas de aula, traballos...
- Educación para a saúde: a seguridade e hixiene no traballo e no ámbito do turismo serán elementos a ter en conta tanto na aula coma fora dela nas actividades complementarias e extraescolares.
- Educación para as dificultades de accesibilidade: tendo en conta que o turismo accesible é un dos contidos a tratar no módulo
- Educación para a paz e a tolerancia: aproveitaremos o repaso histórico para incidir nas nefastas consecuencias que a humanidade viviu por mor da intolerancia e guerras entre civilizacións.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar levaranse a cabo no desenrolo da programación.

A temporalización repartirase a o longo do curso académico dependendo das posibilidades orzamentarias e da programación.

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraranse extraescolares.

Entre as actividades propostas se inclúen:

- Asistencia a eventos de carácter cultural ou técnico: congresos, charlas, xornadas, exposicións , feiras...Poderán ser de varios días, día completo ou de media xornada. O obxectivo é que o alumando teña a oportunidade de coñecer de primeira man estes mecanismos de ampliación de coñecementos técnicos.
- Visitas in situ a recursos turísticos de diversa índole, empresas turísticas, organismos públicos, etc. O obxectivo e que coñezan a aplicación práctica dos contidos teóricos e que establezan unha relación con contorno laboral.
- Charlas, conferencias e clases especiais a cargo de profesionais do sector tanto público coma privado. O obxectivo é afondar nos coñecementos técnicos dos máis importantes recursos e aspectos profesionais no sector do turismo e o patrimonio. O longo das tres avaliacións